




13. PROGRAMA DE VIXILANCIA DAS ENCEFALOPATÍAS ESPONXIFORMES TRANSMISIBLES



Documento principal

AUTORIZACIÓN MATADOIROS

CONTROIS

- Animais sometidos a mostraxe
- Rexistros
- Orde de sacrificio

MATERIAL ESPECÍFICO DE RISCO (M.E.R.)

CADRO DE DECISIÓNS



13.- PROGRAMA DE VIXILANCIA DAS ENCEFALOPATÍAS ESPONXIFORMES TRANSMISIBLES

En relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais (EET' s), as medidas adoptadas para salvagardar a saúde pública e a sanidade animal son a extracción do material especificado de risco (MER) para a súa posterior eliminación, así como, a vixilancia das EET's. Neste sentido é necesario asegurar que as carnes frescas destinadas a consumo humano non proceden de animais afectados de EET, para iso é imprescindible a realización de análise de detección de EET' s a mostras tomadas nos matadoiros.

13.1 . AUTORIZACIÓN DE MATADOIROS

Para autorizar os matadoiros para o sacrificio de animais susceptibles de EET, estes deberán presentar un programa cunha serie de condicións que hai que cumprir, unha serie de requisitos, tanto estruturais como de procedemento referidas á extracción , acondicionamento e envío das mostras para a súa análise no Laboratorio de Sanidade Animal de Galicia (LASAPAGA)

Os matadoiros deben de contar con medios materiais e persoais adecuados para unha correcta extracción, xestión e transporte de mostras. Tendo en conta que se manipulan partes dun animal susceptibles de ser portadoras de príons, e coa finalidade de evitar contaminacións cruzadas, deberase ou ben dispoñer dun lugar suficientemente separado do resto da cadea de sacrificio de tal maneira que non se poida producir un contacto entre estes materiais e os produtos destinados a consumo, ou ben separado no tempo das actividades de sacrificio e faenado das carnes.

EQUIPAMENTO E PROCEDEMENTO PARA TOMA DE MOSTRAS

https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Documents/132/Autorizacion_toma_mostras.pdf



13.2 . CONTROIS

Se define como caso de EEB o confirmado polo Laboratorio Oficial de Referencia , sendo clasificados como sospeitosos tanto os animais que manifesten sintomatoloxía compatible coma os positivos as probas de diagnóstico rápido.

13.1. MEDIDAS NOS MATADOIROS

As medidas nos matadoiros resúmense en :

- Realización dos test diagnósticos aos bovinos correspondentes ao programa de vixilancia activa.
- Realización de probas nun número determinado anualmente de ovinos e caprinos maiores de 18 meses , considerándose coma tales os que a idade este confirmada mediante os rexistros ou documentos de transporte que formen parte do sistema de identificación e rexistro dos animais ovino-caprino, ou nos que fixeran erupción máis de dous incisivos definitivos.
- Tamén se lle realizarán probas a todo animal sospeitoso de padecer unha EET é dicir todo animal vivo , sacrificado ou morto que presente ou presentara anomalías neurolóxicas ou de comportamento ou un deterioro progresivo do estado xeral atribuíble a un trastorno do sistema nervioso central , con respecto os canais non se poda establecer outro diagnóstico a tenor dun exame clínico , da resposta a un tratamento , dun exame postmortem ou tras un exame de laboratorio ante ou postmortem.

Se sospeitará a existencia de EEB en bovino e tembladera en ovino/caprino , cando presenten

SOSPEITA .- SÍNTOMAS NEUROLÓXICOS DE COMPORTAMENTO

Cambios de comportamento: nerviosismo, agresividade, medo, hiperestesia, movementos anormais de cabeza.

Cambios locomotores ou de postura, ataxia, incoordinación, posturas anormais, hipertermia, caídas e dificultade para levantarse.

Tremores

Outros síntomas neurolóxicos como: opistotonos, tetania ou contraccións musculares, movementos en círculo, empuxar obxectos fixos coa cabeza etc.



13.2.1 ANIMAIS SOMETIDOS A MOSTRAXE

Reflectido no PROGRAMA NACIONAL PLURIANUAL DE VIXILANCIA CONTROL E ERRADICACIÓN DA ENCEFALOPATÍA ESPONXIFORME BOVINA (ANOS 2018-2019)

<https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/EET-Programa-nacional>

A nivel comunitario, o Regulamento (CE) 999/2001 e as súas posteriores modificacións supoñen a pedra angular da loita contra as EETs, xa que recollen todas as medidas de obrigado cumprimento na UE en diversos campos (vixilancia, erradicación, alimentación, Material Especificado de Risco etc.), medidas que ata entón atopábanse dispersas en varias Decisións Comunitarias

O programa de vixilancia, control e erradicación de EEB, vaise adaptando ás modificacións normativas e ten por obxecto xeral a detección da Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB), así como o establecemento de medidas de control e erradicación que, no seu caso, houbesen de adoptarse.

Ano a ano foise acadando unha melloría xeral da situación epidemiolóxica na UE . No ano 2018 e 2019, o obxectivo específico é seguir cumprindo os requisitos para manter a cualificación sanitaria de país con status de risco insignificante, alcanzada en 2016.

No período 2018-2019 realizarase un seguimento das subpoboacións de animais que se describen a continuación mediante a realización de probas de diagnóstico rápido nos laboratorios autorizados polas comunidades autónomas (CCAA).

Os animais sacrificados para consumo e sometidos a vixilancia serán os das seguintes táboas



ANIMAIS SACRIFICADOS PARA CONSUMO HUMANO

Todos os animais nados en países incluídos no Anexo da Decisión 2009/719/CE e modificacións, pola que se autoriza a determinados Estados Membros a revisar o seu programa anual de seguimento da EEB, dos seguintes grupos de idade:
 Son os países COMUNITARIOS excepto Rumanía e Bulgaria

Maiores de corenta e oito meses (48) de idade sempre que se trate de:	Animais sometidos a un sacrificio de urxencia (en explotación) serán clasificados dentro da subpoboación de animal sospeitoso
	*Animais que durante a inspección antemortem sexan sospeitosos de sufrir unha enfermidade ou atoparse nun estado de saúde que poida prexudicar á saúde das persoas. (Excepto os de campañas de saneamento y animales no destinados a sacrificio para consumo.
Todos os animais autóctonos sans sacrificados para consumo humano que nacesen con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2001, sempre que procedan de explotacións nas que se diagnosticaron focos de EEB (Localizados por Medio Rural e indicado no DIB polo que unicamente chegarán ao matadoiro con aviso previo e guía e se proceden do estranxeiro virá indicado na documentación)	
Todos os bovinos sacrificados por un foco de EEB en aplicación das medidas de erradicación.	

Todos os animais nados en países non incluídos no Anexo da Decisión 2009/719/CE e modificacións e por tanto son países non autorizados a revisar o seu programa anual de seguimento da EEB, dos seguintes grupos de idade: Rumanía, Bulgaria e os países non comunitarios (Suiza, Noruega, Islandia, Andorra, Liechtenstein...)

Maiores de trinta meses (30) de idade sempre que se trate de:	Animais sacrificados de xeito normal para o consumo humano
	Animais sacrificados no marco da execución do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, sempre que neste último caso non presenten signos clínicos da enfermidade
Maiores de vinte e catro meses (24) de idade se se trata de:	Animais sometidos a un sacrificio de urxencia
	*Animais que durante a inspección ante- mortem sexan sospeitosos de sufrir unha enfermidade ou atoparse nun estado de saúde que poida prexudicar á saúde das persoas, salvo os animais sacrificados no marco dunha campaña de erradicación que non presenten signos clínicos da enfermidade



No caso de animais sospeitosos tomaranse mostras a aqueles animais con sintomatoloxía compatible con EET's. Nestes casos remitirase a enquisa epidemiolóxica (ver anexo) e as mostras enviaranse ao Lasapaga para que as remita ao Laboratorio Nacional de Referencia(LNR)

Ase mesmo os SVO enviarán copia do actuado ao Xefatura Territorial.

O Departamento Territorial comunicará aos Servizos Centrais, que se encargarán da comunicación ao departamento de Medio Rural

O canal e as vísceras permanecerán inmovilizadas ata que o LNR emita os resultados analíticos

BOVINOS Status sanitario.- (Lembrar que son cousas distintas o status sanitario - condiciona os MER presentes nos animais – que os países de orixe dos que se toman mostras para o seguimento da BSE (Anexo da Decisión 2009/719/CE)

DECISIÓN DE EXECUCIÓN (UE) 2017/1396 DA COMISIÓN de 26 de xullo de 2017

A. Países ou rexións cun RISCO INSIGNIFICANTE de EEB - Estados membros

Alemaña — Austria — Bélxica — Bulgaria — Chequia — Chipre — Croacia — Dinamarca — Eslovaquia — Eslovenia — España — Estonia — Finlandia — Hungría — Italia — Letonia — Lituania — Luxemburgo — Malta — Países Baixos — Polonia — Portugal — Rumanía — Suecia
Rexións dos Estados membros — Irlanda del Norte

*Países da Asociación Europea de Libre Comercio — Islandia — Liechtenstein — Noruega — Suiza 28.7.2017 L 197/11 Diario Oficial da Unión Europea ES
Terceiros países — Argentina — Australia — Brasil — Chile — Colombia — Costa Rica — Estados Unidos — India — Israel — Xapón — Namibia — Nova Zelandia — Panamá — Paraguay — Perú — Singapur — Uruguay*

B. Países ou rexións cun RISCO CONTROLADO de EEB - Estados membros

Francia — Grecia — Irlanda — Reino Unido, con excepción de Escocia e Irlanda del Norte
Terceiros países — Canadá — Corea del Sur — México — Nicaragua — Taiwán

C. Países ou rexións cun RISCO INDETERMINADO de EEB - Estados membros

Os países ou rexións que non figuran nas letras A o B.» 28.7.2017 L 197/12 Diario Oficial da Unión Europea ES



13.2.2 REXISTROS DAS TOMAS DE MOSTRAS

O rexistro da toma de mostras realizarase no aplicativo Semaga. Ver Anexo Semaga – toma de mostras en matadoiro

O propio programa xerará a folla de remisión de mostras para o laboratorio, tal e como se indica no manual.

Os resultados, unha vez obtidos, aparecerán no aplicativo, na columna resultados, do menú pendentes de resultado.

<https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/EET-SEMAGA>

13.2. 3. ORDE DE SACRIFIZO

ORDE DE SACRIFIZO	
1º	Bovinos menores de 12 meses de países con risco insignificante (sen MER)
2º	Bovinos menores de 12 meses de países con risco controlado ou indeterminado(amígdalas , catro últimos metros de intestino , cego e mesenterio)
3º	Bovinos maiores de 12 meses de países con risco insignificante (cranio , incluídos o cerebro e os ollos pero sen incluír a mandíbula , e a medula espinal)
4º	Bovinos maiores de 12 meses e menores de 30 meses de países con risco indeterminado ou controlado (medula espinal e os correspondentes ao punto 2)
5º	Bovinos maiores de 30 meses de países con risco indeterminado ou controlado (columna vertebral e os correspondentes ao punto 4) .

13.3 . MATERIAS ESPECÍFICOS DE RISCO M.E.R.



**Cadro Resumo da lista de MER
 despois da entrada en vigor do
 Regulamento (UE) 2015/1162**

1. Bovinos orixinarios dun Estado membro ou un país terceiro cun risco controlado ou indeterminado de EEB

“LISTA COMPLETA”

Francia, Irlanda, Reino Unido (excepto Irlanda do N.), Grecia, Canadá...

2. Bovinos orixinarios de Estados membros cun risco insignificante de EEB

“LISTA REDUCIDA”

<http://www.oie.int/es/sanidad-animal-en-el-mundo/estatus-sanitario-oficial/eeb/estatus-sanitario-oficial/>

BOVINOS

Cranio incluídos o cerebro e os ollos dos bovinos maiores de 12 meses	MER	MER
Medula espinal dos bovinos maiores de 12 meses	MER	MER
Amígdalas dos bovinos de todas as idades	MER	NO MER
Últimos catro metros do intestino delgado, o cego e o mesenterio dos bovinos de todas as idades	MER	NO MER
Columna vertebral dos bovinos maiores de 30 meses	MER	NO MER
Mesenterio, incluíndo a graxa mesentérica, linfonodos e nervios mesentéricos dos bovinos de todas as idades	MER	NO MER
Cego dos bovinos de todas as idades	MER	NO MER

OVINOS E CAPRINOS

Cranio, incluídos o cerebro e os ollos, amígdalas e medula espinal dos ovinos/caprinos de máis de 12 meses ou en cuía enxiva haxa erupcionado un incisivo definitivo	MER	MER
--	-----	-----



13.4 . CADRO DE DECISIÓNS.

		EET's CADRO DE DECISIÓNS			
					
INCIDENCIA	ADOPCIÓN DE MEDIDAS	COMUNICACIÓNS	REGISTROS		
Durante a inspección (antemorten e/ou posmorten) compróbase mediante a dentición, desenvolvemento corporal, xestación, etc., que a idade do bovino é maior que a reflectida no DIB.	Actuar según a idade verificada na inspección	Operador do matadoiro Autoridade competente na emisión da documentación do gando	Semaga - Actas - Informes		
No boletín de análise non aparece resultado (por calquera motivo: mostra insuficiente, mostra deteriorada, mostra non adecuada, a mostra non chegou ao laboratorio, etc..). Comunicase a través de semaga	Declarar a canle e vísceras non aptas para consumo humano . A canle, vísceras e pel consideraranse subproductos de categoría 1 En mostras tomadas de ovinos e caprinos asintomáticos: liberar a canle, vísceras e a pel para a súa comercialización	Acta de decomiso e motivos	Semaga - Actas - Informes		
No caso de resultado negativo	Levantar a inmovilización cautelar	Operador do matadoiro para la liberación da intervención cautelar	Semaga - Actas - Informes		
No caso de resultado positivo	Manter a inmovilización en espera da confirmación por parte do laboratorio nacional de referencia Declarar a non aptitude para o consumo da canle positiva confirmada Dado o caso os SVO recibirán instrucións concretas	Dado o caso os SVO recibirán instrucións concretas	Semaga		

https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Documents/134/Cadro_medidas_EETs.pdf